

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Decreto 144/2006, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 230/1986, do 10 de xullo, polo que se regula a estrutura, a composición e as funcións do Consello Galego de Transportes.

Exposición de motivos

O Decreto 230/1986, do 10 de xullo, regula a composición, estrutura e funcións do Consello Galego de Transportes como órgano consultivo da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de transportes.

É evidente que desde o ano 1986 ata a data de hoxe o sector dos transportes sufriu importantes modificacións tanto sectoriais como orgánicas e neste senso é preciso actualizar a composición da Comisión Permanente do Consello Galego de Transportes, como órgano máis operativo dentro do propio consello, acadando con esta unha estrutura que represente realmente os organismos verdadeiramente interesados no transporte terrestre en Galicia.

Na súa virtude, visto o informe do Consello Galego de Transportes, por proposta da conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e sete de xullo de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo único.-Modifícase o Decreto 230/1986, do 10 de xullo, polo que se regula a estrutura, composición e funcións do Consello Galego de Transportes, pola súa vez modificado polo Decreto 74/1994, do 25 de marzo, e polo Decreto 266/1998, do 24 de setembro, de acordo co disposto nos seguintes puntos:

O artigo 6º queda redactado como segue: «Comporán a Comisión Permanente:

-A presidenta que será a conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

-O vicepresidente que será o director xeral de Transportes.

-O secretario que será nomeado pola conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

-Serán vogais:

* Dous representantes da Xunta de Galicia en representación da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes e da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

* Dous representantes das organizacións de consumidores e usuarios propostos polo Consello Galego de Consumidores e Usuarios.

* Tres representantes dos traballos, designados polas organizacións sindicais que, consonte a normativa vixente en materia de representación sindical, teña a consideración de máis representativa no transporte no ámbito da Comunidade Autónoma galega.

* Dous representantes do Departamento do Transporte de Viaxeiros do Comité Galego de Transportes por Estrada.

* Un representante do Departamento de Transporte de Mercadorías do Comité Galego de Transportes por Estrada.

* Un representante da Dirección Xeral de Tráfico.

* Un representante da Administración local nomeado pola Fegamp.

* Un representante do Ministerio de Fomento, en representación doutros modos de transporte de Galicia.

* Dous representantes designados pola conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de entre persoas vinculadas ao transporte.

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no DOG.

Santiago de Compostela, vinte e sete de xullo de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María José Caride Estévez
Conselleira de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

Corrección de erros.-Decreto 108/2006, do 15 de xuño, polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes e das cafeterías da Comunidade Autónoma de Galicia.

Advertido erro no devandito decreto, publicado no DOG nº 133, do 11 de xullo de 2006, procede facer as seguintes correccións:

Na páxina 11.136, o modelo de solicitude que consta no anexo I debe ser substituído polo que segue.

Na páxina 11.137, o modelo de solicitude que consta no anexo II debe ser substituído polo que segue.

ANEXO I



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

PROCEDEMENTO AUTORIZACIÓN DE APERTURA E CLASIFICACIÓN TURÍSTICA DE RESTAURANTES E CAFETARÍAS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN984B	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

A) DATOS DO TITULAR

APELIDOS	NOME	NIF
RAZÓN SOCIAL		CIF

E na súa representación

APELIDOS	NOME	CIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
		FAX

B) ESTABLECEMENTO PARA O QUE SE SOLICITA AUTORIZACIÓN

<input type="checkbox"/> RESTAURANTE:
<input type="checkbox"/> CINCO GARFOS OU LUXO.
<input type="checkbox"/> CATRO GARFOS.
<input type="checkbox"/> TRES GARFOS.
<input type="checkbox"/> DOUS GARFOS.
<input type="checkbox"/> UN GARFO.
<input type="checkbox"/> MARQUE ESTE RECADRO CUN "X" SE SOLICITA A DENOMINACIÓN DE CASA DE COMIDAS.
<input type="checkbox"/> CAFETARÍA:
<input type="checkbox"/> TRES CUNCAS.
<input type="checkbox"/> DÚAS CUNCAS.
<input type="checkbox"/> UNHA CUNCA.

C) DATOS DO ESTABLECEMENTO

NOME COMERCIAL			
ENDEREZO			LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
PERÍODO DE FUNCIONAMENTO			

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Lei 9/1997, do 21 de agosto (DOG nº 167, do 1 de setembro).</i> <i>Lei 10/2004, do 2 de novembro (DOG nº 224, do 17 de novembro).</i> <i>Decreto 108/2006, do 15 de xuño, polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes e das cafetarías da Comunidade Autónoma de Galicia.</i>
SINATURA DO/DA SOLICITANTE _____ de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		/ /
		DATA DE ENTRADA
		/ /
		DATA DE EFECTOS
		/ /
		DATA DE SAÍDA
		/ /
REVISADO E CONFORME		

Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de _____

ANEXO II



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN
E INDUSTRIA

PROCEDEMENTO CAMBIOS E BAIXAS DE RESTAURANTES E CAFETARIÁS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO IN984C	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	NIF
RAZÓN SOCIAL		CIF

E na súa representación

APELIDOS	NOME	CIF
ENDEREZO		LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
		FAX

EXPÓN:

1º) Que pretende efectuar no citado establecemento as seguintes modificacións:

CATEGORÍA:

RESTAURANTE:

CINCO GARFOS OU LUXO.

CATRO GARFOS.

TRES GARFOS.

DOUS GARFOS.

UN GARFO.

MARQUE ESTE RECADRO CUN "X" SE SOLICITA A DENOMINACIÓN DE CASA DE COMIDAS.

CAFETARÍA:

TRES CUNCAS.

DÚAS CUNCAS.

UNHA CUNCA.

CAPACIDADE

TITULAR: nome do novo titular _____

DENOMINACIÓN: nome do establecemento _____

BAIXA: o mencionado establecemento cesa na prestación da actividade con data do ____/____/____

OUTRAS: _____

Por todo iso,

SOLICITA:

Que se lle conceda a preceptiva autorización turística.

DATOS DO ESTABLECIMENTO

NOME COMERCIAL			
ENDEREZO			LOCALIDADE
PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX
PERIODO DE FUNCIONAMENTO			

LEXISLACIÓN APLICABLE

Lei 9/1997, do 21 de agosto (DOG nº 167, do 1 de setembro).
Lei 10/2004, do 2 de novembro (DOG nº 224, do 17 de novembro).
Decreto 108/2006, do 15 de xuño, polo que se establece a ordenación turística dos restaurantes e das cafeterías da Comunidade Autónoma de Galicia.

SINATURA DO/DA SOLICITANTE

_____, de _____ de _____

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE

/ /
DATA DE ENTRADA
/ /
DATA DE EFECTOS
/ /
DATA DE SAÍDA
/ /

Delegación Provincial da Consellería de Innovación e Industria de _____

CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

Decreto 145/2006, do 27 de xullo, polo que se modifica o Decreto 18/2006, do 26 de xaneiro, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008.

Tras a publicación no *Diario Oficial de Galicia* o día 13 de febreiro de 2006 do Decreto 18/2006, polo que se establecen as axudas públicas en materia de vivenda a cargo da Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a xestión das previstas no Real decreto 801/2005, do 1 de xullo, para o período 2005-2008, advírtese a conveniencia de efectuar determinadas modificacións.

A primeira das modificacións vén dada pola publicación, con data do 29 de abril de 2006, da orde do Ministerio de Vivenda pola que se declaran os ámbitos territoriais de prezo máximo superior. Na súa disposición derradeira segunda dispónse que esta orde non será de aplicación a aquelas modalidades de actuacións protexidas acollidas ao Plan de vivenda 2005-2008, cuxos prezos máximos, determinados pola normativa propia das comunidades autónomas, sexan inferiores ás porcentaxes establecidas para os prezos máximos indicados no R.D. 801/2005. Tendo en conta que o Decreto 18/2006, respecto das vivendas de prezo concertado non acada ese máximo, faise necesario modificar o citado prezo co fin de poder aplicarlle a este tipo de vivendas o incremento por situación en ámbito de prezo máximo superior.

Os artigos 2 e 4 matizan determinados conceptos co fin de non deixar lugar a dúbida respecto do criterio interpretativo empregado.

Por último, co fin de facilitar o encaixe da declaración de vivendas protexidas coa situación creada polos instrumentos de planeamento vixentes que pretenden plasmar a obriga legal de que os concellos reserven o solo necesario para situar o 20% da edificabilidade residencial da unidade de actuación, e unha vez oídos os sectores afectados, advírtese a conveniencia de modificar a redacción dada ao artigo que regula a declaración provisional destas vivendas.

Na súa virtude, por proposta da conselleira de Vivenda e Solo e logo de deliberación do Consello de Goberno da Xunta de Galicia na súa xuntanza do día vinte e sete de xullo de dous mil seis,

DISPOÑO:

Artigo único.-No artigo 9.2º parágrafo primeiro onde se indica «ata un 10 por 100» substitúese por «ata un 15 por 100».

Así mesmo, engádese a este artigo 9.2º como parágrafo terceiro o seguinte teor: «Nos municipios que se determinen como ámbito territorial de prezo máximo superior, o prezo máximo de venda ou adxua-

dicación por metro cadrado de superficie útil será de 1,80 polo prezo básico nacional vixente, para as vivendas de prezo concertado».

No artigo 19 parágrafo dous debe engadirse ao final: «Para o cómputo destes ingresos non serán de aplicación os coeficientes multiplicativos correctores establecidos nos puntos 1 e 2 do artigo 11 deste decreto nin a redución por rendementos do traballo que se aplica na declaración da renda».

Modifícase o texto do artigo 31.1º que quedará redactado nos seguintes termos: «A solicitude de declaración de vivendas protexidas de nova construción poderán efectuarse para todo o edificio ou só por escaleiras ou plantas enteiras.

De coexistiren no mesmo edificio vivendas acollidas aos distintos tipos de protección a que se refire o artigo 18, as que estean suxeitas a un mesmo tipo deberán agruparse forzosamente por escaleiras ou plantas enteiras».

O artigo 39.2º quedará redactado do seguinte modo: «Poderase protexer, ademais, unha superficie útil de servizos comúns que, sumada á superficie do aloxamento non supere os 45 metros cadrados. Así mesmo, protexeráse unha praza de garaxe por vivenda, vinculada rexistralmente e en proxecto, sempre que o requiran as ordenanzas municipais. A superficie útil máxima computable da praza de garaxe, así como o prezo máximo legal de referencia por metro cadrado de superficie útil serán os mesmos que os das vivendas de protección autonómica de nova construción de renda básica».

Disposición derradeira

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, vinte e sete de xullo de dous mil seis.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

María Teresa Táboas Veleiro
Conselleira de Vivenda e Solo

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

Decreto 146/2006, do 27 de xullo, polo que se deixa sen efecto a declaración de utilidade pública e urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da obra de acondicionamento da estrada PO-342 Virxe do Camiño-Cella. Treito: Virxe do Camiño-Mosende. (Clave PO/02/028.01).

O 4 de agosto de 2004 a Dirección Xeral de Obras Públicas, logo da realización dos correspondentes